



BOP

SÁBADO, 7 DE FEBREIRO DE 2026

N.º 031

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

CONCELLOS

ANTAS DE ULLA

Anuncio

Aprobada inicialmente a Ordenanza reguladora do uso común especial do dominio público local polas actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais, por Acordo do Pleno de data 29 de xaneiro de 2026, de conformidade cos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e 56 do Texto Refundido de Réxime Local, sométese a información pública polo prazo de trinta días, a contar desde día seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia para que poida ser examinada e presentar as reclamacións que se estimen oportunas

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello de Antas de Ulla.

No caso de non presentarse reclamacións no citado prazo, entenderase definitivamente aprobado o Acordo de aprobación inicial da mencionada Ordenanza.

Antas de Ulla, 30 de xaneiro de 2026.- A alcaldesa, María Pilar García Porto.

R. 0246

BEGONTE

Anuncio

Aprobados por Decreto de Alcaldía os padrón anual, cuatrimestrais, mensuais e clases dirixidas de xaneiro de 2026, correspondentes ás actividades socioculturais e deportivas do curso 2025/2026, por un importe total de 16.055,25€

Os padróns quedarán expostos ao público no Concello durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao de inserción do presente edicto no BOP, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados no caso de que non se produzan reclamacións contra os mesmos.

Dado que os recibos están domiciliados, envíananse ás respectivas entidades para o seu cargo nas contas designadas polos contribuíntes.

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Begonte, 30 de xaneiro de 2026.- O alcalde, José Ulla Rocha.

R. 0247

BURELA

Anuncio

Aprobado por Decreto de Alcaldía do 30 de xaneiro de 2026, despois de avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local, o Padrón por liquidación das taxas do servizo de abastecemento domiciliario de augas, sumidoiros e recollida de lixo, así como o canón de auga da Xunta de Galicia, correspondente ao Cuarto Bimestre do exercicio 2025, procédese a apertura do período de información pública por prazo de vinte días hábiles a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido nas oficinas do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas.

Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario por período de dous meses a computar dende o día seguinte á presente publicación no BOP de Lugo.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local, no prazo dun mes, contado dende a finalización do período de exposición pública deste padrón fiscal no Boletín Oficial da Provincia.

Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan.

A falta de pagamento do Canon de Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 apartado 3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria e 23 e 24 do R.D. 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Burela, 3 de febreiro de 2026.- A alcaldesa, María del Carmen López Moreno.

R. 0271

FRIOL

Anuncio

Apreciados erros no anuncio do Plan Económico e Financeiro publicado no Boletín Oficial da Provincia número 28 de data 4 de febreiro de dous mil vinte e seis, publícase novamente o texto íntegro unha vez correxidos os erros.

O Pleno do Concello, nas sesións de 7 de outubro e 23 de decembro de 2025 adoptou acordos respecto á aprobación do Plan Económico financeiro do Concello para os exercicios 2025-2026, así como das cifras referidas ás medidas contidas no mesmo, calendario e previsións tendenciais e conformidade co contido da aplicación PEFEL, procedendo á súa aprobación e remisión, así como á súa publicación, de conformidade co previsto na normativa de aplicación. O que se fai público a efectos exclusivamente informativos para xeral coñecemento, de conformidade co disposto na Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril de estabilidade orzamentaria, así como no Real Decreto 1463/2007 de 2 de novembro

ÍNDICE:

- 1.- Introducción.
- 2.- Contido e tramitación
- 3.- Situación actual
- 4.- Xustificación do incumprimento
- 5.- Medidas a adoptar para corrixir a situación
- 6.- Previsión de evolución das magnitudes económicas e orzamentarias
- 7.- Seguimento e control

1.- INTRODUCCIÓN.

A Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira (LOEPSF) establece a obriga para todas as administracións locais de incorporar tres medidas de consolidación fiscal: eliminación do déficit, a redución da débeda pública e o cumprimento da regra de gasto.

O art. 3 dispón que “a elaboración, aprobación e execución dos orzamentos e demais actuacións que afectos aos gastos ou ingresos dos distintos suxeitos comprendidos no ámbito subxectivo desta Lei, realizárase nun marco de estabilidade orzamentaria, coherente coa normativa europea.”

Define a estabilidade orzamentaria como situación de equilibrio ou superávit estrutural. Ademais do cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria, a LOEPSF esixe o cumprimento da regra de gasto e o principio de sostibilidade financeira, referida esta última ao volume de débeda.

O art. 21 dispón que en caso de incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, obxectivo de débeda pública ou da regra de gasto, a administración que non o cumpra deberá formular un Plan

Económico-Financeiro (PEF) que permita no ano en curso e o seguinte, o cumprimento dos obxectivos ou da regra de gasto.

Por resolución de alcaldía de 8 de agosto do actual aprobouse a liquidación do orzamento do exercicio 2024. Con carácter previo a esta resolución, logo das actuacións do peche contable, a intervención municipal elaborou os informes correspondentes ao cumprimento das regras fiscais, coas seguintes conclusións:

A avaliación do cumprimento do **obxectivo de estabilidade orzamentaria**, unha vez realizados os axustes SEC-10, arroxa os seguintes resultados

a) Dereitos recoñecidos (cap. 1 a 7)	5.195.210,62
b) Obrigas recoñecidas Gastos non financeiros (cap. 1 a 7)	5.178.918,16
c) Total (a-b)	16.292,46

AXUSTES

Axuste por recadación ingresos capítulo 1	-49.214,85
Axuste por recadación ingresos capítulo 2	-21.061,42
Axuste por recadación ingresos capítulo 3	-2.633,85
Axuste por acreedores por operacións devengadas	-759.807,71
Total Capacidade-necesidade de financiación	-832.717,83

En base aos cálculos precedentes e aos datos presentados, resultando necesario realizar os axustes detallados, obsérvase que a nivel consolidado, os ingresos dos capítulos I a VII do Orzamento non son suficientes para financiar os gastos dos mesmos capítulos do Orzamento de gastos, o que representa unha situación de necesidade de financiación de 832.717,83€.

En relación coa regra do gasto, Para o cálculo do gasto computable para o 2024, partindo das obrigas recoñecidas da liquidación do exercicio anterior (Exercicio de 2023) , nos seus Capítulos 1 ao 7/Empregos non financeiros e practicando as operacións seguintes:

- LIQUIDACIÓN 2023 (Capítulos 1 ao 7, deducidos gastos financeiros).	4.732.514,16
Gastos realizados pendentes aplicar orzamento	292.261,38
Gastos financiados con fondos finalistas 2023	-1.247.791,27
- Gasto Computable Exercicio de 2023	3.776.984,27
- Taxa de referencia de crecemento do PIB (2.6%)	98.201,59
- Incrementos Permanentes de Recadación	163.021,03
- LÍMITE REGLA DE GASTO	4.038.206,89
- LIQUIDACIÓN 2024 (Cap. 1-7, deducidos gastos financeiros).	5.166.346,68
Gastos realizados no exercicio pendentes aplicar orz. (413)	759.807,71
- Gastos financiados con fondos finalistas 2024	2.176.251,17
Inversións financieramente sostibles 2024	0,00
- GASTO COMPUTABLE Exercicio 2024	3.749.903,22
DIFERENCIA LIMITE REGLA GASTO E GASTO COMPUTABLE	288.303,87

No que se refire ao aforro neto e endebedamento local:

3.- AFORRO NETO E ENDEBEDAMENTO LOCAL a 31 de decembro, mostran os seguintes rateos:

LIQUIDACIÓN EJERCICIO 2024

CÁLCULO AHORRO NETO:

Derechos R. Netos (Capítulos 1 a 5 de Ingresos) (+)	4.566.247,10
---	--------------

Obligaciones R. N. (Capítulos 1, 2 y 4 de Gastos) (-)	4.268.570,41
---	--------------

Ahorro bruto	297.676,69
--------------------	------------

Capítulo 3 de Gastos, (intereses) (-)	18.206,45
---------------------------------------	-----------

Capítulo 9 de Gastos, (Anua. Teó. Amortiz.) (-)	0,00
---	------

Total	18.206,45
-------------	-----------

(O.R.N.) Gastos financiados con R.L.T. de los Capítulos 1, 2 y 4 derivados de modificaciones de créditos (Artículo 53 TRLRHL) (+)	54.433,17
---	-----------

Ahorro neto legal	333.903,41
-------------------------	------------

Ratio ahorro neto legal:

A. N. L. x 100 / Liqui. Ingresos Corrientes (en %)	7,3124%
--	---------

ENDEUDAMIENTO LOCAL:

(a) Derechos R. Netos (Capítulos 1 a 5 de Ingresos)	4.566.247,10
---	--------------

(b) Capital vivo al 31-12-2024	0,00
--------------------------------	------

Ratio endeudamiento local = (b/a) x 100:	0,0000%
--	---------

Polo tanto, conclúese:

I. Obxectivo estabilidade orzamentaria, capacidade de financiamento:	INCUMPRE: -832.717,83 €
II. Obxectivo de regra de gasto:	CUMPRE: Diferenza entre límite regra gasto e gasto computable: 288.303,87
III. Obxectivo de límite de débeda:	CUMPRE: 0%

Tendo en conta o incumprimento producido na execución do orzamento do exercicio 2024, en aplicación do disposto na LOEPSF procede a elaboración dun plan económico-financeiro que lle permita ao Concello no ano en curso e o seguinte o cumprimento do obxectivo de estabilidade presupostaria, xa que de conformidade co establecido no art. 21 da LOEPSF o PEF deberá conter medidas para o ano en curso (2025) e para o seguinte (2026).

De conformidade cos art. 191 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e 89 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, o Concello de Friol aprobou a liquidación do orzamento correspondente ao exercicio económico 2024 mediante Resolución de 8 de agosto do actual, non cumprindo o prazo establecido para elo. Na mesma ponse de manifesto, que o Concello de Friol non cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria, presentando unha necesidade de financiación, que se traduce en termos numerarios en -832.717,83 €.

Polo tanto, á vista da situación de incumprimento que se desprende da liquidación do exercicio, compre a adopción das medidas esixidas na lexislación vixente, sendo necesario a elaboración do Plan Económico-Financeiro que a continuación se detalla, que lle permita ao concello recuperar a situación de equilibrio presupostario e de cumprimento da regra de gasto en 2025 e 2026, e que se constatará nas respectivas liquidacións orzamentarias.

2.- CONTIDO E TRAMITACIÓN.

2.1.- CONTIDO.- O contido do Plan Económico-Financeiro atópase regulado actualmente:

- a) No art. 21 da Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira (LOEPSF).
- b) No art. 9 da Orde HAP/2105/2012 pola que se desenvolven as obrigas de información previstas na Lei 2/2012.
- c) No art. 20 do Real Decreto 1463/2007.
- d) No art .116 bis da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local.

Deberase estar ao disposto no art 21.2. da LOEPSF, xa que o resto de normas que regulan o contido dos Plans Económicos-Financeiros volven enumerar dun xeito similar o contido mínimo do art. 21.2, ampliando outros aspectos que se derivan da propia elaboración dun Plan Económico-Financeiro. No devandito art. .21.2 establece que o plan económico-financeiro conterá como mínimo a seguinte información:

- a) As causas do incumprimento do obxectivo establecido ou, no seu caso, do incumprimento da regra de gasto.
- b) As previsións tendenciais de ingresos e gastos, baixo o suposto de que non se produzan cambios nas políticas fiscais e de gastos.
- c) A descrición, cuantificación e o calendario de aplicación das medidas incluídas no plan, sinalando as partidas presupostarias ou rexistros extrapresupostarios nos que se contabilizarán.
- d) As previsións das variables económicas e presupostarias das que parte o plan, así como os supostos sobre os que se basean estas previsións, en consonancia co contemplado no informe ó que se fai referencia no apartado 5 do art .15.
- e) Unha análise de sensibilidade considerando escenarios económicos alternativos.

Terase en conta igualmente o establecido no art 116.bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, na súa redacción dada pola Lei 27/2013, o cal sinala como medida adicionais ás anteriores:

- a) supresión de competencias que exerza a entidade local que sexan distintas das propias e das exercidas por delegación
- b) xestión integrada ou coordinada dos servizos obrigatorios que presta a Entidade Local para reducir ou seus custos
- c) Incremento de ingresos para financiar os servizos obrigatorios que presta a Entidade Local
- d) Racionalización administrativa
- e) Supresión de entidades de ámbito territorial inferior ao municipio que, no exercicio orzamentario inmediato anterior, incumpran co obxectivo de estabilidade orzamentario ou co obxectivo de débeda pública, ou que o período medio de pago a provedores supere en máis de trinta días o prazo máximo previsto na normativa de morosidade.
- f) Unha proposta de fusión cun municipio colindante da mesma provincia.

Respecto das medidas recollidas no art. 116 bis da Lei 7/85 de 2 de abril, da información extraída de consultas remitidas ao Ministerio conclúese que a falta dun maior desenvolvemento, realmente non serían aplicables as mesmas, salvo que foran totalmente necesarias para o saneamento ou se tivera que aplicar o disposto na D.A 9.ª da mencionada Lei, sobre o redimensionamento do sector público local.

No Plan Económico-Financeiro que se presenta, non se considera necesario contemplar as medidas incluídas no devandito art 116 bis.

2.2.- TRAMITACIÓN.- No que respecta á tramitación, no art. 23 da LOEPSF, establece o seguinte:

- a) O Plan Económico-Financeiro será presentado, no prazo máximo dun mes dende que se constate o incumprimento, ante o Pleno da Corporación.
- b) O Pleno da Corporación deberá aprobalo no prazo máximo de dous meses dende a presentación.
- c) A súa posta en marcha non poderá exceder de tres meses dende a constatación do incumprimento.
- d) Ao Plan daráselle a mesma publicidade que a establecida para a aprobación dos orzamentos da entidade.

O Plan aprobado deberá remitirse a través da aplicación de captura habilitada ao efecto na Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais.

Non pudo darse cumprimento ao establecido da presentación no prazo dun mes dende que se detectou o incumprimento, por varias circunstancias, como a acumulación de tarefas, debido a atención ao funcionamento dos servizos municipais, así como a realización de xestións varias en orde a acadar inversións que contribúan á satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, así como á mínima repercusión da facenda municipal.

3.- DIAGNÓSTICO DA SITUACIÓN ACTUAL. A liquidación do orzamento municipal do exercicio 2024 ofrece as seguintes magnitudes:

- Remanente de tesourería para gastos xerais: 199.169,93 €
- Resultado orzamentario axustado: 268.627,45 €
- Necesidade de financiación (déficit orzamentario): -832.717,83 €
- Aforro neto: 333.903,41 €
- Porcentaxe e débeda respecto dos recursos ordinarios liquidados: 0 %
- Regra de gasto: 288.303,87 €
- O gasto computable no exercicio 2023 ascendía a 3.776.984,27 € pasando no exercicio de 2024 a 3.749.903,22 €. A diferenza entre o límite da regra de gasto e o gasto computable foi 288.303,87 €

En relación co Remanente de tesourería, que resultou positivo, no referido importe de 199.169,93 €. Non obstante, por de manifesto que se utilizou como recurso para financiar os expedientes de modificación de créditos por incorporación de remanentes no exercicio de 2025

En relación á ESTABILIDADE ORZAMENTARIA, o informe de intervención emitido con motivo da aprobación do expediente da liquidación orzamentaria de 2024, realizáronse os cálculos que a continuación se relacionan:

INGRESOS:

Dereitos recoñecidos netos ao 31 de decembro de 2023		
Capítulos	Descripción	Importes
Capítulo I	Impostos Directos	1.017.247,19 €
Capítulo II	Impostos Indirectos	160.341,78 €
Capítulo III	Taxas, Prezos Públicos e outros ingresos	438.870,22 €
Capítulo IV	Transferencias correntes	2.937.806,33 €
Capítulo V	Ingresos patrimoniais	13.556,62€
Capítulo VI	Enaxenación de inversións reais	0,00 €
Capítulo VII	Transferencias de Capital	628.963,52 €
Total ingresos non financeiros		5.195.210,62 €

GASTOS:

Obrigas recoñecidas netas ao 31 de decembro de 2023		
Capítulos	Descrición	Importes
Capítulo I	Gastos de persoal	1.695.934,65 €
Capítulo II	Gastos correntes en bens e servizos	2.446.566,85 €
Capítulo III	Gastos financeiros	18.206,45 €
Capítulo IV	Transferencias correntes	126.068,91 €
Capítulo V	Fondo de continxencia e outros imprevistos	0,00 €
Capítulo VI	Inversións reais	1.170.084,74€ €
Capítulo VII	Transferencias de Capital	56.400,00 €
Total gastos non financeiros		5.178.918,16 €

Ao saldo orzamentario non finaceiro (capítulos 1 a 7 de ingresos – capítulos 1 a 7 de gastos), que resulta 16.292,46 (capacidade de financiación) deberá engadirase o importe dos gastos realizados no exercicio pendentes de aplicar ao orzamento (conta 413), acreedores por operación devengadas polo importe de 753.825,98 €.

En relación coa conta 413- acreedores por operación deivindicadas, corresponde con gastos realizados no exercicio que non se imputaron orzamentariamente, pero que se considera gasto en contabilidade nacional, axuste que pode ter tanto signo positivo (cando diminúe o saldo ao principio de exercicio) ou negativo (cando aumenta o saldo ao longo do exercicio). En definitiva, recolle a evolución durante o ano das obrigas derivadas de gastos en bens e servizos recibidos, para os que nonse producirá a súa aplicación ao orzamento cando correspondía dita imputación.

En contabilidade nacional o principio de deivindicación enuncíase con carácter xeral para o rexistro de calquera fluxo económico e en particular para as obrigas. Elo implica o cómputo de calquera gasto efectivamente realizado no deficit, con independencia do momento no que ten lugar a súa imputación orzamentaria.

O axuste realízase polo saldo da conta 413. Se o saldo da conta ao final é maior que o inicial, a diferenza dará lugar a un axuste como maior gasto non financiero en contabilidade nacional, aumentando o deficit da corporación, xa que implica que no exercicio liquidado imputáronse menos gastos pendentes de exercicios anteriores que os que se deixan de imputar no exercicio que se pecha. Se polo contrario, o saldo final da conta é menor que o inicial a diferenza dará lugar a un axuste como menor gasto non financiero en contabilidade nacional, disminuindo o deficit da corporación local-

A elo habería que engadir que houbo un importante volume de obrigas pendentes a finais do exercicio que non figuran rexistradas na conta 413.

Axustes por aplicación do principio de Caixa. Norma S.E.C. 95, Regulamento (CE) Nº 2516/2000.

Dereitos recoñecidos pola Corporación Local ao 31 de decembro de 2024		
Capítulos	Descrición	Importes
Capítulo I	Impostos Directos	1.017.247,19 €
Capítulo II	Impostos Indirectos	160.341,78€
Capítulo III	Taxas, Prezos Públicos e outros ingresos	438.870,22 €
Total dereitos recoñecidos capítulos I, II e III		1.616.459,19 €

1. Total dereitos recoñecidos pola Corporación Local: 1.616.459,19
 2. Recadación neta exercicio corrente: 1.330.239,52
 3. Recadación neta exercicios pechados: 213.309,82
- Diferencia: 1-(2+3) 72.910,12

Tratamento dos xuros en Contabilidade Nacional. Tratamento orzamentario: As Corporacións Locais imputan ao orzamento os xuros explícitos e implícitos de débedas no momento do recoñecemento da obriga, isto é, según o seu vencemento. Tales importes recóllense no Capítulo 3 “Gastos financeiros” do Orzamento de Gastos.

Axustes polo criterio de Devengo.- A aplicación do principio do devengo, por tanto, non ten relación co momento en que se recoñece a obriga pola Corporación Local debedora (acto administrativo de recoñecemento da obriga). Deste xeito, pola diferenza entre os xuros devengados e as obrigas recoñecidas no orzamento, pode xurdir:

1. Un maior gasto non financeiro a efectos de contabilidade nacional, cando a cuantía devengada supere o importe das obrigas recoñecidas no período. Neste caso, o axuste suporá un maior déficit en contabilidade nacional.
2. Un menor gasto non financeiro en contabilidade nacional que o recoñecido en orzamentos, cando a cuantía devengada sexa inferior ás obrigas recoñecidas. Aquí, o axuste determinará unha maior capacidade de financiación.

Outros axustes:

/.../

Engadir que hai gastos que foron financiados no exercicio con remanente de tesorería, que implican aumento da necesidade de financiación do exercicio, pero de carácter autofinanciado (nos gastos financiados con RLT recoñécese a obriga pero non o dereito que non se liquida), polo que deberían eliminarse estes gastos do cómputo porque en puridade aínda que financiados teoricamente a efectos de equilibrio formal cun ingreso financeiro do capítulo 8, non se acudiu a financiación externa e por tanto non supoñen inestabilidade orzamentaria. Este criterio non é o que sostén a Intervención Xeral da Administración do Estado, polo que non procede analizar nin axustar os gastos financiados con cargo ao remanente líquido de tesorería para gastos xerais, nin por incorporación de remanentes de crédito aínda que os gastos con esa fonte de financiación diminúen a capacidade de financiación da Corporación.

En consecuencia, o déficit que se poidera producir na liquidación orzamentaria do exercicio, podería non considerarse en parte un déficit estrutural, senón coxuntural polos desfases producidos na execución presupostaria incumprindo o principio de anualidade presupostaria.

A avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, unha vez realizados os axustes SEC-10, presenta os seguintes resultados

a) Dereitos recoñecidos (cap. 1 a 7)	5.195.210,62
b) Obrigas recoñecidas Gastos non financieros (cap. 1 a 7)	5.178.918,16
c) Total (a-b)	16.292,46

AXUSTES

Axuste por recadación ingresos capítulo 1	-49.214,85
Axuste por recadación ingresos capítulo 2	-21.061,42 9,59
Axuste por recadación ingresos capítulo 3	-2.633,85
Axuste por acreedores por operacións devengadas	-759.807,71
Total Capacidade-necesidade de financiación	-832.717,83

En base aos cálculos precedentes e aos datos presentados, resultando necesario realizar os axustes detallados, obsérvase que a nivel consolidado, os ingresos dos capítulos I a VII do Orzamento non son suficientes para financiar os gastos dos mesmos capítulos do Orzamento de gastos, o que representa unha situación de necesidade de financiación de 832.717,83 €.

4.- XUSTIFICACIÓN DO INCUMPRIMENTO.- O Concello de Friol non conta con organismos autónomos nin entidades dependentes a día de hoxe. No presente Plan e na documentación obrante nas oficinas municipais, pónense de manifesto as magnitudes que arroxa liquidación do exercicio 2024.

4.1.- Causas de incumprimento. A situación de incumprimento da estabilidade orzamentaria posta de manifesto coa aprobación da liquidación do orzamento do exercicio de 2024 ven motivada polos seguintes factores:

1ª) A utilización no exercicio 2024 do remanente de tesorería para gastos xerais. O incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria ven motivado en parte pola utilización do remanente de tesorería

para gastos xerais do exercicio de 2024 (capítulo 8 do estado de ingresos) para financiar gastos durante o exercicio de 2024. (capítulos 1 a 7 do estado de gastos).

Así, fronte a un déficit ou capacidade de financiación derivado da liquidación do exercicio de 832.717,83 €, obsérvase que durante o exercicio de 2024 o importe do remanente de tesourería para gastos xerais do exercicio de 2023 utilizado para a financiación de gastos, ascendeu á contía total de 302.909,98 €, coa seguinte distribución:

- Expte. 2024, M.C. 1/2024 de Incorporación de remanentes, por importe de 202.909,98€.
- Expte. 2024, M.C.6/2024 de Concesión de créditos extraordinarios e de suplemento de crédito, por importe de 100.000€.

A utilización do remanente de tesourería como fonte de financiación ten como consecuencia que os devanditos ingresos, con destino a financiar gastos derivados da execución dos capítulos 1 a 7, é dicir, gastos non financeiros (correntes e de capital), teñen entrada no presuposto a través da aplicación presupostaria 870.00 (remanente de tesourería para gastos xerais).

Estes ingresos teñen a consideración de ingresos financeiros, e posto que están financiando gastos de natureza non financeira xeran déficit, e por tanto, necesidade de financiación en termos de estabilidade presupostaria.

Hai que ter en conta, que para a consecución dunha situación de estabilidade presupostaria á hora de liquidar o presuposto, a diferencia entre dereitos recoñecidos non financeiros, nos capítulos 1 a 7 do estado de ingresos, e as obrigas non financeiras, capítulos 1 a 7 do estado de gastos, debe de ser cero ou de superávit.

2ª) Alto nivel de execución do orzamento de gastos en comparación co nivel de execución orzamentaria de ingresos. Do análise da liquidación orzamentaria do exercicio 2024 conclúese un alto grado de execución do presuposto de gastos, ascendendo os créditos definitivos, despois das modificacións de créditos a 5.837.528,51 €: Hai gastos comprometidos por 5.516.165,60 € e obrigas recoñecidas netas por importe de 5.178.918,16 €. Quedan obrigas pendentes de pago por importe de 394.531,07 € e remanentes de crédito por importe de 658.610,36 €.

Polo que respecta ao orzamento de ingresos, para previsións definitivas por importe de 5.837.528,51 €, recoñécense dereitos por importe de 5.195.210,62 € e obténdose unha recadación neta de 4.422.910,48 € quedando pendentes de cobro un importe de 772.300,14. Polo tanto houbo un exceso na previsión de 642.317,89 €

O desigual grado de execución contribuíu a xerar inestabilidade orzamentaria, pese a medidas adoptadas en orde ao incremento dos ingresos, pero hai que poñer de manifesto ao respecto diversos factores entre os cales cumpre destacar:

- Incremento de custos derivados do mantemento de servizos. As modificacións lexislativas ao respecto supuxo un incremento do custe de servizos como do servizo de axuda no fogar, que non vai parello coa financiación que para elo transfire a Comunidade Autónoma. Tamén na prestación doutros servizos que incrementan o seu custe polo incremento do custe da man de obra. Tamén habería que engadir o incremento dos custes na adquisición de bens de servizos, que desde a pandemia de 2020, veñen crescendo de forma exponencial.
- Alto nivel de financiamento de investimentos con fondos propios. Destacar que actuacións como a mellora de camiños de concentración parcelaria, aínda que sexan financiados con cargo á administración autonómica implican un esforzo ao que hai que facer fronte con cargo a fondos municipais, xa que por poñer un exemplo, o imposto do valor engadido é con cargo a fondos propios, así como os honorarios técnicos de redacción de proxecto e dirección de obra. Elo tamén se pon de manifesto no Plan Marco de mellora de camiños, así como o custe das actuacións que leva a cabo o Obradoiro de emprego, xa que a financiación concedida refírese aos custes de persoal
- A elo hai que engadir o importante esforzo feito en anualidades anteriores en relación co convenio asinado coa administración autonómica para a edificación e urbanización do entorno do club fluvial. Ao abeiro do convenio de referencia o concello asumiu con cargo a fondos propios, derivados dos compromisos adquiridos coa sinatura do convenio e as súas addendas o 30 % do custe da actuación por importe de 244.628,82 €. A elo hai que engadir un importe superior a 90.000 € que asumiu o concello para o equipamento, mobiliario e outras actuacións necesarias para a posta en funcionamento do mesmo. Tamén o Saneamento en Roimil supuxo para os fondos municipais unha aportación cercana aos 60.000 €
- Tamén debe facerse referencia á perda da financiación contemplada no convenio asinado con Agader en orde á realización das obras do centro social de Villalvite. O concello procedeu ao pagamento de obra realizada por importe de 111.199,68 € en novembro de 2023, en orde a dar cumprimento na medida do posible ao contemplado no convenio en canto xustificación da actuación. Non obstante, e Agader entendeu que ao non estar rematadas as obras non se cumpría a finalidade para a que foi concedida a financiación, segundo convenio asinado para a promoción e posta en valor da vida social, cultural e educativa da comarca, perdendo a financiación concedida polo importe de 131.586,50 €.

4.2.- Previsión tendencial de ingresos e gastos .Para calcular as previsións de gastos (ORN) dos exercicios 2025 e 2026 teranse en conta as obrigas recoñecidas en exercicios anteriores (principalmente o 2024), en función do seu grado de execución ou inexecución, agás en gastos de persoal e investimentos reais, axustándose igualmente as transferencias de capital. En cambio, para as previsións de ingresos teranse en conta os dereitos recoñecidos en exercicios anteriores máis a previsible evolución da recadación cos datos a día de hoxe dispoñibles. Aínda con todo, as previsións tanto de gastos como de ingresos a partir do momento da realización do presente PEF teñen carácter orientativo.

5.- MEDIDAS A ADOPTAR PARA CORRIXIR A SITUACIÓN.- Debido ás causas que produciron o incumprimento do obxectivo de estabilidade na liquidación do exercicio 2024, analizadas nos apartados anteriores (entre outras o emprego do remanente líquido de tesourería e desfase entre o nivel de execución orzamentaria de ingresos e gastos) deberase manter un seguimento e control do gasto evitando o seu financiamento con cargo ó remanente líquido de tesourería e procurar que os niveis de execución orzamentaria de ingresos e gastos se manteñan en termos homoxéneos.

En primeiro lugar, o remanente de tesourería configúrase como un ingreso finaceiro cuxo uso esixe a tramitación dun expediente de modificación orzamentaria para destinalo ao financiamento do fin imposto por unha norma con rango de lei de forma que, si financia gastos de carácter non financeiro, dará lugar necesariamente a un incumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e, posiblemente, do límite fixado pola regra de gasto.

O remanente de tesourería, tería natureza de aforro que xenera a entidade local nun exercicio pola obtención de maiores ingresos orzamentarios sobre as obrigas recoñecidas, de forma que ese aforro pode ser utilizados como fonte de financiamento de obrigas en exercicios posteriores naquel no que se obtivo. En consecuencia, o uso do remanente por unha entidade local non é determinante duna situación de déficit estrutural, se non que debe identificarse con unha situación de superávit orzamentario no momento da liquidación do orzamento, por canto é froito dun aforro que permitirá a esa entidade o financiamento de parte dos gastos doutros exercicios sen ter que acudir a recursos financeiros aportados por terceiros.

En segundo lugar, e con maior importancia, cumpre sinalar que as magnitudes anuais derivadas da liquidación municipal do exercicio 2024 denotan a insuficiencia dos recursos ordinarios do presuposto municipal para financiar a totalidade das obrigas contraídas no mesmo, Cumpre polo tanto a adopción de medidas de optimización e incremento dos ingresos orzamentarios así como a implementación de medidas de contención e mesmo redución do gasto presupuestario, e sobre todo que non queden obrigas pendentes de aplicar ao orzamento ao peche do exercicio, que no 2024 representaron un importe elevado, en orde a recuperar a senda de estabilidade.

Polo exposto, acreditadas as causas do incumprimento, as medidas propostas para conseguir o cumprimento da estabilidade orzamentaria nos exercicios 2025-2026 son as seguintes:

- Incrementos permanentes de recadación, nomeadamente dos ingresos correntes que dependen da Entidade Local, que se espera aumenten dun xeito progresivo, á vista da modificación nos anos anteriores 2023-2024 das ordenanzas fiscais de imposto vehículos tracción mecánica, imposto de construcións instalacións e obras, taxa pola expedición de documentos, e prezo público polas piscinas municipais. Elo supuxo un incremento no exercicio de 2024, e terá un reflexo a maiores nos vindeiros exercicios.
- A elo engadirase o incremento de recadación que se obterá por un número importante de altas na taxa de recollida de lixo, xa que se detectaron un número importante de inmobles que non estaban tributando.
- Contención do gasto corrente e procurar a realización de investimentos que teñan asegurada na súa maior parte a financiación por outras administración públicas.
- Aprobar o orzamento cumprindo o obxectivo de estabilidade orzamentaria, xestionando coa máxima atención o cumprimento das regras fiscais..

Na medida relativa ao incremento de ingresos correntes, sinalar que xa no ano 2024 polo Pleno na sesión celebrada o 21 de marzo acordouse a aprobación da modificación da ordenanza fiscal do imposto sobre bens inmobles. En virtude da mesma os inmobles nos que estean ubicadas construcións nas que se desenvolva total e exclusivamente actividades económicas e gandeiras, pertencentes ao sector primario, gozarán dunha bonificación do 50%. Na redacción anterior da ordenanza a bonificación era do 95%. Sendo o imposto de bens inmobles un imposto que se devenga ao principio do exercicio, a modificación da ordenanza non surtiu efectos no 2024, pero a redución da bonificación e o aumento da recadación reflexarase no exercicio 2025 e seguintes.

A modificación da ordenanza reguladora do imposto de construcións, instalacións e obras, aprobada polo Pleno o 28 de setembro de 2023 un incremento do tipo de gravame do 2% ao 3%. Ademais as bonificacións pasaron do 95% da redacción anterior ao 50%. Elo supuxo un incremento na recadación no exercicio de 2024, o que se supón que será maior nos exercicios 2025 e mais no 2026, e mais de levarse a cabo a instalación de novas empresas e construcións a elas vinculadas, froito en moitos casos das actuacións do equipo de goberno en orde a potenciar o concello e os seus recursos, atopándose algunha delas xa en tramitación e con elevados orzamentos de execución material das obras e instalacións. .

A ordenanza reguladora da taxa pola tramitación ou expedición de documentos administrativos, aprobada polo Pleno do Concello en xuño de 2024, tivo o seu reflexo no exercicio, pero surtindo efectos a partir da súa

aprobación definitiva, o que supón a súa aplicación menos da metade do exercicio. Suporá un maior incremento da recadación no presente exercicio de 2025 e se seguintes.

En relación aos gastos, deberá procurarse na medida do posible que os ingresos do concello, se destinen ao financiamento de aqueles gastos que, por vontade legal, deben ser realizados por afectar a servizos e actividades cuxa prestación resulta ser obrigatoria. Polo tanto, a contención e redución do gasto débese referir a aqueles que se consideran voluntarios, pois aínda sendo servizos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións dos veciños, segundo o disposto no 25 da Lei de Bases de Réxime Local, non serían servizos de prestación obrigatoria. Por outra parte, procurárase a execución daqueles investimentos que sexan prioritarios ou urxentes e que estean totalmente ou maioritariamente financiados con transferencias de capital finalistas doutras administracións públicas, estimándose neste caso un aforro total polo efecto combinado destas dúas medidas que ascendería a un importe superior aos 100.000 € para o presente exercicio 2025.

Engadir que se pretende a contención do gasto na medida do posible, sen ir en detrimento da prestación dos servizos que o concello está obrigado a prestar. No momento que a entidade precise a realización de gastos extraordinarios ou adicionais que adopten o carácter de permanentes, deberá acometer as medidas e accións para elevar os ingresos que financien as devanditas actuacións.

6.- PREVISIÓN DE EVOLUCIÓN DAS MAGNITUDES ECONÓMICAS E ORZAMENTARIAS.- Con base no orzamento do actual exercicio e liquidación de 2024 e á vista por un lado das modificacións das ordenanzas fiscais xa aprobadas, e en consecuencia dos incrementos permanentes de recadación, e demais medidas previstas a acometer, e por outro das previsións dos gastos - baixo as premisas do incremento dos porcentaxes permitido para os vindeiros anos, estímase que pode procederse á corrección da situación posta de manifesto na aprobación da liquidación de 2024.

Á vista das cifras dos últimos exercicios, das xustificacións postas de manifesto no Plan Económico Financeiro e coa adopción das medidas previstas no mesmo, que algunhas delas xa surtiron efectos parcialmente no exercicio anterior, e levando un control axeitado do gasto, estímase que o Concello pode volver á senda do superávit.

O resultado orzamentario axustado - como se reflexa nos datos recollidos neste informe e na documentación obrante nas oficinas municipais, foi positivo nos últimos anos, polo que se prevé que o seguirá sendo nos vindeiros exercicios

O obxectivo do Plan Económico-Financeiro non é outro que acometer ao longo dos exercicios 2025 e 2026 as medidas do control do gasto necesarias aos efectos de cumprir coa estabilidade orzamentaria.

Analizada a situación económica da Corporación derivada da liquidación do presuposto do exercicio 2024, podemos afirmar que, en xeral, as magnitudes presupostarias son positivas, salvo no referente á estabilidade orzamentaria, derivada das circunstancias anteriormente descritas.

Considérase que analizada a situación económica derivada da liquidación do orzamento de 2024 e a aprobación e execución do orzamento de 2025, o concello de Friol está en camiño de alcanzar magnitudes positivas en relación coa estabilidade orzamentaria (algunha delas xa en marcha como as medidas en orde ao incremento de recadación mediante aplicación das ordenanzas fiscais modificadas) para o que se intentará conxugar a prestación dos servizos aos veciños do concello e o cumprimento das disposicións legais vixentes ao respecto.

O PEF ten unha duración de dous exercicios tal como establece o art. 21 da LOEASF, os exercicios 2025 e 2026, nos cales hai que cumprir cos obxectivos. Así que independentemente do cumprimento en 2025, o PEF sigue vixente en 2026. En caso de resultado negativo en 2025, deberán adoptarse medidas adicionais complementarias para garantir o cumprimento en 2026 que pasarán necesariamente por aumentar os ingresos mediante a oportuna modificación das ordenanzas fiscais.

CAUSAS, DIAGNÓSTICO E PREVENCIÓN TENDENCIAL

Estabilidade orzamentaria.

Exercicio 2025

- Estimación ingresos non finaceiros:..... 5.782.983,00 €
- Estimación gastos non finaceiros:..... 8.980.320,05 €
- Axustes propia entidade: -250.080,00 €
- Axustes por operacións internas: 0,00 €

Previsión de capacidade/

Necesidade financiación tendencial: -447.417,05 €

Exercicio 2026

- Estimación ingresos non finaceiros:..... 6.250.045,00 €

- Estimación gastos non finaceiros: 6.125.230,00 €

- Axustes propia entidade:..... 45.000,00 €

Axustes por operacións internas: 0,00 €

Previsión de capacidade/

Necesidade financiación tendencial: 79.815,00 €

Regra de gasto.

Exercicio 2025

- Gasto Computable Exercicio de 2023	3.749.903,22
- LÍMITE REGLA DE GASTO	3.919.900,12
- Estimación de gasto computable liquidación 2025	3.869.900,12
Cumplimiento/incumplimiento regra de gasto tendencial COMPUTABLE	50.000,00

Exercicio 2026

- Gasto Computable Exercicio de 2023	3.869.900,12
- LÍMITE REGLA DE GASTO	4.005.346,62
- Estimación de gasto computable liquidación 2025	4.005.346,62
Cumplimiento/incumplimiento regra de gasto tendencial COMPUTABLE	0,00

MEDIDAS, DESCRICIÓN, CUANTIFICACIÓN E CALENDARIOMEDIDAS DE GASTOS.– Contención gasto corrente.

Efecto económico exercicio 2025: 153.340,15 €

Efecto económico exercicio 2026: 75.000,00 €

– Limitar utilización remanente tesourería:

Efecto económico exercicio 2025: 50.000 €

Efecto económico exercicio 2026: 93.000,00 €

– Aprobación presuposto 2026:

Efecto económico exercicio 2025: 0,00 €

Efecto económico exercicio 2026: 45.000,00 €

– Acordo de non disponibilidad:

Efecto económico exercicio 2025: 0,00 €

Efecto económico exercicio 2026: 0,00 €

– Acordo de racionalización sector público art. 116 bis:

Efecto económico exercicio 2025: 0,00 €

Efecto económico exercicio 2026: 0,00 €

EFFECTO ECONÓMICO DO TOTAL DAS MEDIDAS SOBRE EMPREGOS NON FINACEIROS.

Efecto exercicio económico 2025: 203.340,15 €

Efecto económico exercicio 2026: 213.000,00€

MEDIDAS INGRESOS– incrementos por alta recollida lixo:

Efecto económico exercicio 2025: 68.500,00 €

Efecto económico exercicio 2026: 51.750,00 €

– Incrementos recadación aplicación ordenanzas:

Efecto económico exercicio 2025: 181.050,15 €

Efecto económico exercicio 2026: 335.000,00 €

EFFECTO ECONÓMICO DO TOTAL DAS MEDIDAS SOBRE RECURSOS NON FINACEIROS.

Efecto exercicio económico 2025: 249.550,15 €

Efecto económico exercicio 2026: 386.750,00 €

EFFECTO DAS MEDIDAS NA ESTABILIDADE ORZAMENTARIA:SOBRE EMPREGOS NON FINACEIROS

Efecto económico sobre empregos non finaceiros exercicio 2025: 203.340,15 €

Efecto económico sobre empregos non finaceiros exercicio 2026: 213.000,00 €

SOBRE RECURSOS NON FINACEIROS

Efecto económico sobre recursos non finaceiros exercicio 2025: 249.550,15 €

Efecto económico sobre empregos non finaceiros exercicio 2026: 386.750,00 €

TOTAIS:

Efecto económico sobre empregos non finaceiros:

exercicio económico 2025: 452.890,30 €

económico exercicio 2026: 599.750,00 €

EFFECTO DAS MEDIDAS NA REGRA DE GASTO

Efecto económico sobre empregos non finaceiros exercicio 2025: 203.340,15 €

Efecto económico sobre empregos non finaceiros exercicio 2026: 213.000,00 €

Efecto económico sobre recursos non finaceiros exercicio 2025: 68.500,00 €

Efecto económico sobre empregos non finaceiros exercicio 2026: 51.750,00 €

TOTAIS DAS MEDIDAS NO GRUPO

Efecto económico do total medidas empregos non finaceiros:

- 2025: 271.840,15 €

- 2026: 264.750,00 €

PREVISIÓN TENDENCIAS CON MEDIDAS E OBXECTIVOS DO PEF:Estabilidade orzamentaria.2025

Capacidade/necesidade financiación tendencial:..... -447.417,05 €

Efectos medidas P.E.F.: 452.890,30 €

Capacidade/necesidade financiación P.E.F.: 5.473,25 €

2026

Capacidade/necesidade financiación tendencial:..... 79.815,00 €

Efectos medidas P.E.F.: 599.750,00 €

7.- SEGUIMIENTO E CONTROL.- O presente plan económico finaceiro de obrigada elaboración como consecuencia do incumprimento da estabilidade orzamentaria na liquidación do orzamento do exercicio 2024, presentarase pola alcaldía ao pleno municipal para a súa aprobación.

O control será realizado polo órgano de Tutela Financieira da Xunta de Galicia, a través dos informes de intervención anuais (aprobación do orzamento, liquidación...) e trimestrais (de remisión de información económica-orzamentaria) nos que se analizará se se están a cumprir os obxectivos marcados.

Friol, catro de febreiro de dous mil vinte e seis.- O alcalde-presidente, José Ángel Santos Sánchez.

R. 0272

LÁNCARA

Anuncio

Información pública

Por xunta de goberno local de 28 de xaneiro de 2026, aprobouse o padrón de suministro de auga e IVE s/seu consumo, recollida de lixo, sumidoiros, tratamento, eliminación de residuos e aluguer de contador e canon autonómico de auga correspondente ao 4º trimestre 2025.

O importe total do padrón ascende a 106.567,80 €, sendo o período voluntario de cobro dende o 28 de xaneiro de 2026 ó 30 de marzo de 2026, de conformidade co previsto nos arts. 12 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 62.3 da Lei Xeral Tributaria.

O que se expón ao público na Casa do Concello, durante o prazo de quince días hábiles, a contar dende o seguinte, tamén hábil, da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que dictou o acto no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do prazo de exposición ó público do padrón. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

Láncara, 29 de xaneiro de 2026.- O alcalde, Darío Antonio Piñeiro López.

R. 0248

LUGO

Anuncio

Edicto de Exposición ao público

Por Decreto número 12284/2025, de data trinta de decembro de dous mil cinco, aprobouse o Padrón de subministración de auga e IVA s/seu consumo, recollida de lixo, sumidoiros, aluguer de contador e canon de auga correspondente ao cuarto trimestre de 2025, que se expón ao público no Servizo de Augas, sito na Ronda da Muralla, 197, durante o prazo de quince días hábiles, a contar dende o seguinte, tamén hábil, da publicación deste Edicto no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que dictou o acto no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento, sen prexuízo do disposto no artigo 63 da Ordenanza Fiscal Xeral. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

Lugo, 30 de decembro de 2025.- O alcalde-presidente, Excmo. Sr. D. Miguel Fernández Méndez.

R. 0249

Anuncio

A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo, en sesión celebrada o día 28 de xaneiro de 2026, adoptou o acordo núm. 7/14 de aprobación do Plan de Control Tributario do Concello de Lugo 2026 e de publicación do anexo que contén as directrices do mencionado Plan.

Directrices do Plan de Control Tributario do Concello de Lugo 2026.

O principal obxectivo do Plan de Control Tributario é a loita contra a fraude fiscal, facendo efectivos os principios de xustiza tributaria e de xeneralidade consagrados no artigo 31 da Constitución Española, segundo os cales todos os cidadáns deben contribuír ao sostemento dos gastos públicos, de acordo coa súa capacidade económica.

A fixación do Plan de Control Tributario require da previa análise das distintas manifestacións da fraude fiscal, identificando as áreas de risco fiscal para seguidamente realizar unha programación das actuacións para desenvolver segundo criterios de eficacia e eficiencia, optimizando a xestión dos recursos humanos e materiais.

Tanto os sistemas de selección como as actuacións de comprobación e investigación sobre os obrigados tributarios que deban ser obxecto de actuacións inspectoras definidas no Plan de Control Tributario, han de ter carácter reservado, aunque elo non impedirá que se fagan públicos os criterios xerais que o informen de acordo co previsto no art. 116 da Lei 58/2003, de 17 de decembro Xeral Tributaria.

Na configuración deste Plan de Control prevíuse a especial relevancia á captación e tratamento da información de interese para a xestión dos tributos locais, prevendo os medios informáticos precisos para poder consolidar as distintas fontes de información interna como a obtida de terceiros xa sexa polas súas obrigacións de información ou por requirimentos efectuados polos órganos de xestión e/ou inspección.

Neste sentido fíxanse como liñas prioritarias de actuación, as seguintes:

- Potenciar a concepción integral da loita contra a fraude fiscal.
- Fomentar a labor de investigación na actuación inspectora.
- Reforzar as alianzas institucionais con outras Administracións tributarias, especialmente coa autonómica, e coa Axencia Estatal Tributaria, a TXSS e o Ministerio de Justicia, Notarios e Rexistradores da Propiedade, en materia de intercambio e tratamento de información.
- Potenciar o censo de obrigados tributarios como instrumento esencial na relación cos contribuíntes e a súa depuración.
- Potenciar a calidade e a innovación tecnolóxica, e a xestión do coñecemento adquirido pola organización. Especialmente impulsar a implantación da carpeta tributaria que permita aos contribuíntes autoxestionar desde o seu domicilio determinados trámites que faciliten o cumprimento de obrigas tributarias.
- Reforzar as actuacións desenvolvidas en anos anteriores.

O control dos instrumentos tributarios e a loita contra a fraude constitúe unha liña de actuación básica e obrigatoria para a execución da misión que teñen encomendada a Concello, de aplicación efectiva do sistema tributario municipal.

Estas actuacións ademais permiten:

- Favorecer o clima de equidade tributaria, concienciando a cada suxeito pasivo das súas obrigacións e provocando o cumprimento voluntario das mesmas.
- Dispoñer dunha situación financeira acorde coa realidade económica do ámbito territorial, a través da regularización e actualización da situación de cada contribuínte.
- Cumprir estritamente a legalidade.
- Mellorar a imaxe que se proxecta á sociedade e os cidadáns quen nunha porcentaxe alta cumpran rigorosamente coas súas obrigacións tributarias.

O Plan de Control Tributario está integrado polos planes parciais de xestión, recadación e inspección.

Lugo, 2 de febreiro de 2026.- A tenenta de alcalde delegada da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, Ana M.^a González Abelleira.

R. 0250

MONFORTE DE LEMOS*Anuncio***CONVOCATORIA PARA A AMPLIACIÓN II DA LISTA DE AGARDA PARA AS VACANTES OU AUSENCIAS QUE, NA ESPECIALIDADE DE PIANO DO CONSERVATORIO MUNICIPAL MESTRE IBAÑEZ CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS**

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 26 de xaneiro do 2026 aprobáronse as bases da convocatoria indicada.

As persoas aspirantes que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán facelo constar mediante solicitude, dirixida ao Sr. Alcalde - Presidente do Concello de Monforte de Lemos con arreglo ao modelo que figura na páxina web do Concello de (www.monfortedelemos.es).

A presentación das solicitudes farase no Rexistro de documentos do Concello en horario de nove a dúas ou en calquera dos restantes lugares previstos no artigo 16 da lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común, no prazo de CINCO (5) días naturais a contar dende o día seguinte da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Se as instancias non son presentadas no rexistro do Concello os aspirantes deberán comunicalo o mesmo día da presentación ó correo electrónico rrhh@concellodemonforte.com.

As bases poden ser consultadas na web municipal (www.monfortedelemos.es) e no taboleiro de anuncios.

Monforte de Lemos, 28 de xaneiro de 2026.- A primeira tenente de alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 0273

MONTERROSO*Anuncio*

A través do presente anuncio, expónse ao público o padrón da taxa pola prestación do servizo de recollida, tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos ao Centro Penitenciario de Monterroso, correspondente ao ano 2026, polo período de quince días contados desde a publicación deste anuncio no BOP, aos efectos de exame e reclamacións, entendéndose elevado a definitivo se transcorrido dito prazo de exposición pública non se formulara reclamación algunha.

Contra o acto de aprobación do padrón mediante o presente anuncio, os interesados poderán interpoñer no prazo dun mes desde o día seguinte ao da finalización do período de exposición pública do padrón de contribuíntes, recurso previo de reposición, de acordo con canto se establece no artigo 14 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais. Transcorrido o período de pagamento en voluntaria as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento.

Este anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei xeral Tributaria e 24 e 25 do Real Decreto 939/2005 do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de Recadación.

Monterroso, 31 de xaneiro de 2026.- O alcalde, Eloy Pérez Sindín.

R. 0252

RIBAS DE SIL*Anuncio*

Ao non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo do Pleno da Corporación de data 28/11/2025 de modificación da ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA RECOLLIDA DE LIXO E TRATAMENTO DE RESIDUOS SOLIDOS URBANOS NO TERMO MUNICIPAL DE RIBAS DE SIL (NUMERO 8).

O texto íntegro da modificación da devandita ORDENANZA faise público en cumprimento do artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

"ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA RECOLLIDA DE LIXO E TRATAMENTO DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS NO TERMO MUNICIPAL DE RIBAS DO SIL (NÚMERO 8)"**Modificacións previas:****BOP de Lugo nº 298, do sábado 29 de decembro de 2007****BOP de Lugo nº 16, do sábado 19 de xaneiro de 2008****Artigo 1.- Fundamento e natureza.**

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 20.4 s) do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, este Concello establece a taxa pola recollida de lixos e tratamento de residuos sólidos urbanos no termo municipal de Ribas do Sil, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, as normas da cal adáptanse ao previsto no artigo 16 do citado Texto refundido da Lei Reguladora das facendas locais.

Coa presente ordenanza preténdese tamén dar cumprimento ao estipulado na Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e chans contaminados para unha economía circular, polo que, para dar cumprimento ao regulado na Lei definiranse os elementos que, para o sistema máis sinxelo (que sería o de cota elemental), tivesen en conta o comportamento dos cidadáns na xeración dos residuos (por exemplo, por achegas a puntos limpos, participación na separación das novas fraccións de recollida separada obrigatoria, adhesión a programas voluntarios, etc.).

Artigo 2.- Feito imponible.

1.- Constitúe o feito imponible da taxa a prestación do servizo de recepción obrigatoria de recollida de lixos domiciliarios e residuos sólidos urbanos a todos os inmobles, calquera que sexa o seu estado, calidades, uso ou destino, que se atopen situados na zona de cobertura deste, con independencia de se se depositan ou non os residuos para a súa recollida.

2.- Para tal efecto, considéranse lixos domiciliarios e residuos sólidos urbanos os restos e desperdicios de alimentación ou detrito procedentes da limpeza normal de locais ou vivendas e exclúense de tal concepto os residuos de tipo industrial, entullos de obras, detrito humanos, materias e materiais contaminados, corrosivos perigosos ou a recollida da cal ou vertedura esixa a adopción de especiais medidas hixiénicas, profilácticas ou de seguridade.

3.- O servizo de recollida de lixo enténdese prestado en todo o termo municipal, sendo de recepción obrigatoria para todos os cidadáns. A estes efectos presumirase que todas as vivendas e locais con subministro de auga e subministro de enerxía eléctrica, están efectivamente ocupadas para os efectos desta taxa, con independencia da ocupación, agás que o contribuínte acredite que non dispón de subministro de enerxía eléctrica ou subministro de auga. A organización e funcionamento do servizo subordinarase ás normas que dite o Concello para a súa regulamentación.

4.- No suposto da realización de dous ou máis feitos impositivos no mesmo local, devengarase unicamente a cota correspondente á actividade que teña sinalada a maior contía das tarifas do artigo 6.

5.- Non está suxeita á taxa a prestación, con carácter voluntario e a instancia de parte, dos seguintes servizos:

- a. Recollidas de lixos e residuos non cualificados de domiciliarios e urbanos de industrias, hospitais e laboratorios.
- b. Recollida de escorias e cinzas de calefaccións centrais.
- c. Recollida de entullos de obras.

Artigo 3.- Suxeitos pasivos.

1.- Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o art. 35 e 36 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas e locais situados nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas en que se presta o servizo, ou a unha distancia de ata 200 metros a contar dende o punto máis próximo de recollida de lixos ou ruta de prestación do servizo, xa sexa a título de propietario ou usufrutuario, habitacionista, arrendatario ou, mesmo, de precario.

2.- Terá a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte o propietario das vivendas ou locais, que poderá repercutir, se é o caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios daquelas, beneficiarios do servizo.

Artigo 4.- Responsables.

Responderán da débeda tributaria os debedores principais xunto a outras persoas ou entidades. Para estes efectos consideraranse debedores principais os obrigados tributarios indicados no apartado 2 do artigo 35 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Salvo precepto legal expreso en contrario, a responsabilidade será sempre subsidiaria.

Responderán solidariamente as obrigacións tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refire o artigo 42 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Con relación á responsabilidade solidaria e subsidiaria da débeda tributaria estarase ao establecido nos artigos 42 e 43, respectivamente, da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Artigo 5.- Exencións.

Gozarán de exención subxectiva, aqueles contribuíntes nos que concorran algunha das seguintes circunstancias:

1.- Os perceptores de pensións non contributivas, sempre que as mesmas constitúan o único ingreso da unidade familiar. O dereito a esta exención requirirá a previa solicitude do interesado e a súa autorización polo órgano municipal competente.

2.- Os propietarios de vivendas ou locais en estado ruinoso, ou non habitable por carencias de subministros esenciais ou supostos análogos, logo de tramitación de correspondente expediente ou acreditación mediante informe emitido por técnico legalmente facultado.

Artigo 6.- Cota tributaria e Beneficios fiscais.

1.- A cota tributaria consistirá nunha cantidade fixa, por unidade de local, que se determinará en función da natureza e destino dos inmobles.

2.- Para tal efecto, aplicárase a seguinte tarifa:

Epígrafe 1º.- Vivendas

Por cada vivenda SAN CLODIO E DEMÁIS NÚCLEOS

Enténdese por vivenda a destinada a domicilio de carácter familiar e

aloxamentos que non excedan de dez prazas 4,20 euros

Epígrafe 2º.-

a) Bares, cafetarías, hoteis, fondas, hostais, locais industriais e

comerciais, establecementos de restauración, establecementos

de alimentación, despachos profesionais..... 9,00 euros

ECOTASA.-

a) Por vivenda a destinada a domicilio de carácter familiar e aloxamentos que non excedan de dez prazas: Establécese unha tarifa que se xirará por períodos trimestrais de seis euros o mes, (6,00 €).

b) Bares, cafetarías, hoteis, fondas, hostais, locais industriais e comerciais, establecementos de restauración, establecementos de alimentación, despachos profesionais: Establécese unha tarifa que se xirará por períodos trimestrais de nove euros o mes, (9,00 €).

2.- Beneficios fiscais

Artigo 7.- Beneficios fiscais.

Quedan establecidos os seguintes beneficios fiscais no importe da cota da taxa:

2.- Redución de cota por participación en recollidas separadas no Punto Limpo dependente deste Concello.

Segundo o artigo 2.ae) da Lei 7/2022, defínese como «Punto limpo» a instalación de almacenamento no ámbito da recollida dunha entidade local, onde se recollen de forma separada os residuos domésticos. O Punto Limpo dependente deste Concello está actualmente situado Parque de Vigas, 27320 Quiroga, Lugo

Atendendo ao disposto no artigo 16.1 da Lei 7/2022, establécese a seguinte redución por participación en recollida separada no Punto Limpo de elementos de procedencia doméstica:

Aos contribuíntes que participen en recollidas separadas para a posterior preparación para a reutilización e reciclaxe, no Punto Limpo adscrito a este Concello, ou nos puntos de entrega alternativos que se establecesen na ordenanza reguladora do servizo, aplicaránselles as reducións da cota, en euros, que se indican na seguinte táboa, cun máximo do 50 por cento de importe total da mesma.

TIPO DE ELEMENTO	NÚMERO	IMPORTE A REDUCIR
Aerosoles	10	3 €
Envases de pintura e disolventes	10	4 €
Aparatos eléctricos e electrónicos	10	3 €
Frigoríficos e aparatos aire acondicionado	1	4 €
Gran aparato electrodoméstico	1	4 €

Envases de aceite motor	5	4 €
Baterías automóbiles	3	3 €
Fluorescentes	10	2 €
Mobles completos	2	2 €
Colchóns	1	2 €
Outros enseres*	10	2 €
Pilas botón	10	3 €
Pilas no botón	20	3 €
Radiografías	4	3 €
* Entenderase por «outros enseres» os seguintes elementos: lámpadas, cadros, palés, estruturas completas de cama, somieres e portas de paso.		

3.- Normas reguladoras da xestión dos beneficios fiscais.

1. Para o recoñecemento das reducións de cota enumeradas anteriormente, a persoa interesada deberá achegar xunto coa súa solicitude a seguinte documentación:

No suposto de solicitude de redución por participación en recollidas separadas no Punto Limpo:

a) Fotocopia da última liquidación da taxa de lixo, na cal o domicilio tributario coincida co domicilio no que o solicitante é obrigado ao pago atópase empadroadado a data 31 de decembro do ano anterior.

b) Documentos orixinais que acrediten ditas achegas ao punto Limpo, que se configura do seguinte xeito:

O documento que acredite a achega realizada, onde figurarán os datos persoais de quen fai a entrega, data na que se realiza, domicilio tributario, e tipo e número de elementos entregados. Para os efectos de beneficio fiscal, a persoa que faga a entrega deberá ser o obrigado tributario da taxa, ou estar documentalmente autorizado a facelo no seu nome. Neste último caso o documento expedirase a nome do autorizante.

As reducións da cota por achegas ao Punto Limpo durante un exercicio, serán aplicables á cota do seguinte período impositivo.

2. Establécese o límite máximo de elementos entregados no Punto Limpo con dereito a redución na cota, no dobre das cantidades indicadas na columna anterior. Igualmente, dita columna refírese á cantidade mínima de elementos con dereito a redución, desprezándose as fraccións e non podendo acumular estas de un exercicio para outro.

3. A redución estipulada neste artigo non pode superar o 30 por cento do importe da cota trimestral.

4. Non se concederán outras exencións, reducións nin bonificacións na exacción desta taxa, ademais das recollidas nesta ordenanza, excepto as expresamente previstas nas normas con rango de Lei ou as derivadas da aplicación de Tratados Internacionais.

5. En todos os casos e á vista do expediente, o Concello poderá requirir do interesado calquera outra documentación que se considere necesaria para a acreditación fidedigna dalgún termo requirido nesta ordenanza para a concesión do beneficio fiscal.

6. Todas as reducións de cota terán carácter rogado para cada exercicio e deberán solicitarse durante o mes de xaneiro de cada ano. A súa aplicación estará condicionada á presentación da acreditación correspondente e ao cumprimento das normas establecidas nesta ordenanza.

7. Para obter calquera tipo de beneficio fiscal o obrigado tributario, e todos os membros da unidade familiar, deben figurar censados no domicilio tributario da taxa a data 31 de decembro do ano anterior.

Artigo 7.- Devengo.

Devengarase a taxa e nace a obriga de contribuír dende o momento en que se inicie a prestación do servizo, entendéndose iniciada, dada a natureza de recepción obrigatoria deste, cando estea establecido e en funcionamento o servizo municipal de recollida de lixos domiciliarios nas rúas ou lugares onde figuren as vivendas ou locais utilizados polos contribuíntes suxeitos á taxa.

Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas percibiranse o primeiro día de cada trimestre natural, salvo que a remuneración de taxa se producise con posterioridade á devandita data, en cuxo caso a primeira cota se percibirá o primeiro día do trimestre seguinte.

Artigo 8.- Declaración e ingreso.

1.- Dentro dos trinta días hábiles seguintes á data en que se devengar por primeira vez a taxa os suxeitos pasivos formalizarán a súa inscrición na materia, presentando ao efecto a correspondente declaración de alta e ingresando simultaneamente a cota do primeiro trimestre.

2.- Cando se coñeza, xa de oficio ou por comunicación dos interesados calquera variación dos datos obrantes na matrícula, levarán a cabo nesta as modificacións correspondentes, que producirán efectos a partir do período de cobranza seguinte ao da data en que se efectuara a declaración.

3.- O cobramento das cotas efectuarase trimestralmente, mediante recibo derivado da matrícula, no lugar que para o efecto habilite o Concello.

4.- Para os casos de baixa, a cota da taxa permanecerá invariable durante o semestre en que esta declaración prodúzase, producindo efecto a partir do período de cobranza seguinte ao da data en que se efectuara a declaración.

Artigo 9.- Infraccións e sancións.

En todo o non previsto na presente Ordenanza estarase ao disposto no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, a Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, a Lei 8/1989, do 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos, a Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e chans contaminados para unha economía circular.

Artigo 10.- Tramitación das baixas.

A solicitude da baixa na prestación do servizo de recollida de lixo e tratamento de residuos sólidos urbanos no termo municipal de Ribas do Sil farase a través da oportuna solicitude no concello e de conformidade cos mesmos criterios que se consideraron no momento da solicitude da alta en canto á consideración do feito impoñible.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal será publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e fornecerá efectos a partir do día 1 de xaneiro de 2026, continuando en vigor ata que o Concello acorde a súa modificación ou derogación."

Contra o presente Acordo, conforme ao artigo 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderase interpor polo interesados recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Ribas de Sil, 4 de febreiro de 2026.- O alcalde, Roberto Castro González.

R. 0274

Anuncio

Ao non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo do Pleno da Corporación de data 28/11/2025 de modificación da ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR DISTRIBUCIÓN DE AUGA E DEREITOS DE ENGANCHE Á REDE (NÚMERO 10).

O texto íntegro da modificación da devandita ORDENANZA faise público en cumprimento do artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

"ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR DISTRIBUCIÓN DE AUGA E DEREITOS DE ENGANCHE Á REDE (NÚMERO 10)

Modificacións previas:

BOP de Lugo nº 298, do sábado 29 de decembro de 2007

BOP de Lugo Núm. 068 – Xueves, 23 de marzo de 2017

Artigo 1. Fundamento e réxime.

Este Concello, conforme ao autorizado polo artigo 106 da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e de acordo co previsto no artigo 20.4, t) do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, establece a taxa por distribución de auga, incluído os dereitos de enganche de liñas, colocación e utilización de contadores, que se rexerá por a presente ordenanza, redactada conforme ao disposto no artigo 16 do citado Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

Artigo 2. Feito imponible.

Está constituído pola actividade municipal desenvolvida con motivo da distribución de auga potable a domicilio, o enganche de liñas á rede xeral.

Artigo 3. Suxeitos pasivos.

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o art. 35 e 36 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeneral tributaria, que soliciten ou resulten beneficiadas por servizos a que se refire esta ordenanza.

Terán a consideración de substitutos do contribuínte os propietarios das vivendas ou locais ás que se provea do servizo, as cales poderán repercutir, no seu caso, as cota sobre os respectivos beneficiarios.

Artigo 4. Responsables.

1. Serán responsables solidariamente das obrigas tributarias establecidas nesta ordenanza, toda persoa causante ou colaboradora na realización dunha infracción tributaria. Nos supostos de declaración consolidada, todas as sociedades integrantes do grupo serán responsables solidarias das infraccións cometidas neste réxime de tributación.

2. Os copartícipes ou cotitulares das herdanzas xacentes, comunidades de bens e demais entidades que, carentes de personalidade xurídica, constitúan unha unidade económica ou un patrimonio separado, susceptible de imposición, responderán solidariamente e en proporción ás súas respectivas participacións das obrigas tributarias das devanditas entidades.

3. Serán responsables subsidiarios das infraccións simples e da totalidade da débeda tributaria en caso de infraccións graves cometidas polas persoas xurídicas, os administradores daquelas que non realicen os actos necesarios da súa incumbencia, para o cumprimento das obrigas tributarias infrinxidas, consentisen no incumprimento por os que dependan deles ou adopten acordos que fixesen posible as infraccións. Así mesmo, tales administradores responderán subsidiariamente das obrigas tributarias que estean pendentes de cumprir polas persoas xurídicas que destituíran nas súas actividades.

4. Serán responsables subsidiarios os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, cando por negligencia ou mala fe non realicen as xestións necesarias para o total cumprimento das obrigas tributarias devengar con anterioridade ás devanditas situacións e que sexan imputables aos respectivos suxeitos pasivos.

Artigo 5. Base imponible.

A base do presente tributo estará constituída por:

Na subministración ou distribución de auga: os metros cúbicos de auga consumida no inmovible onde estea instalado o servizo.

Nas acometidas á rede xeral: o feito da conexión á rede por cada local comercial ou vivenda individual.

Artigo 6. Cota tributaria.**PROPOSTA DE REGULACIÓN****Artigo 6. Cota tributaria:**

1. A contía da taxa regulada nesta ordenanza, será a fixada nas tarifas contidas no apartado seguinte.

a) Dereitos de enganche á rede: 18,00 € por vivenda. Materiais por conta do usuario.

b) Subministro de auga:

Por cada metro cúbico consumido

CONCEPTO	EUROS
A) Uso doméstico e comercial	
* Cota mínima hasta 30 m3	14,40 €
* Máis de 30 m3.....	0,60 €/m3
B) Uso hostaleiro ou industrial	
* Cota mínima hasta 60 m3,.....	23,42 €
*Máis de 60 m3,.....	0,60 €/m3

Ás tarifas veranse incrementadas polo IVE ou tipo que corresponda. Estas contías se incrementarán anualmente co IPC interanual.

Artigo 7. Beneficios fiscais.

1. O Estado, as Comunidades Autónomas e as Entidades Locais non estarán obrigadas o pagamento da taxa cando soliciten licenza para a ocupación do uso público local cos materiais descritos na presente Ordenanza

e que sexan necesarios para os servizos públicos de comunicacións que exploten directamente e para outros usos que interesen á seguridade ou á defensa nacional.

2. Non se aplicarán bonificacións nin reducións para a determinación da débeda.

Artigo 8. Devengo

1.- Devengarase a taxa e nace a obriga de contribuír dende o momento en que se inicie a prestación do servizo, entendéndose iniciada, dada a natureza de recepción obrigatoria deste, cando estea establecido e en funcionamento o servizo municipal obxecto da presente regulación.

2.- As cotas percibiranse o primeiro día de cada **trimestre natural**, salvo que a remuneración de taxa se producise con posterioridade á devandita data, en cuxo caso será a partir desta cando se produza o mesmo.

Artigo 9. Normas de xestión. Altas. Solicitud de Subministro.

9.1.- Altas.

A titularidade do subministro poderase solicitar por:

1. O propietario do inmovible.
2. A persoa que ostente un dereito real de uso e goce sobre o inmovible.
3. A persoa que teña recoñecida o dereito a usar e gozar da vivenda en virtude de resolución xudicial ditada nun procedemento de nulidade, separación, divorcio ou regulación de garda e custodia.

1. A persoa en quen concorra a condición de arrendatario nos supostos de arrendamentos de vivendas de promoción pública.

2. En caso de falecemento do titular do subministro, poderase solicitar a titularidade do subministro, no prazo de 12 meses, polo seu cónxuxe e descendentes, así como por ascendente e irmáns, neste último caso sempre que convivisen habitualmente na vivenda polo menos nos dous anos anteriores á data do falecemento, si concorren as circunstancias seguintes:

- a) Non existe persoa con dereito a solicitar a alta do subministro conforme ás regras anteriores.
- b) Non se produciu aceptación e adxudicación dos bens do causante.
- c) Non existe acordo unánime dos herdeiros do falecido.
- d) Xa que logo, Non será necesario os dous anos de convivencia para os que estivesen sometidos á patria potestade do falecido nin para o cónxuxe.

9.2.- Solicitud de subministro.

A efectos de dispoñer do subministro de auga, o petionario deberá presentar unha solicitude de subministro no impreso que proporcionará o Concello. Na mesma farase constar:

- .- Nome do solicitante,
- .- Uso e destino que se pretende dar ao auga solicitada,
- .- Finca a que se destina,
- .- Demais circunstancias que sexan necesarias para a correcta definición das características e condicións do subministro, así como para a aplicación das tarifas correspondentes á prestación do Servizo. En devandito impreso farase constar igualmente a dirección fiscal.

Á solicitude de subministro do servizo con consecución de alta, presupón o alta na prestación do servizo de recollida de lixo e tratamento de residuos sólidos urbanos e alcantarillado

A solicitude de subministro deberá acompañar a documentación e datos que haxan de servir para a formalización do subministro, e á mesma deberá acompañarse calquera outra que sexa exigible en cada momento de acordo coa normativa vixente.

9.3.- Cambio de titularidade do subministro

Cando se solicite simultaneamente a baixa dun usuario e a alta doutro no rexistro de usuarios para a prestación do servizo no mesmo ben inmovible haberá de unirse á nova solicitude a documentación a que se refire o apartado 9.2.

No suposto de usuarios que se trasladen de domicilio dentro do termo municipal de Ribas de Sil, non se concederá o alta no novo domicilio no caso de que non estean ao corrente no pagamento da auga (ou calquera outro tributo o prezo público municipal) que consumiran no domicilio anterior.

No suposto de cambio de propietario ou arrendatario dun terreo ou vivenda, é responsable do pagamento da subministración da auga o primitivo, mentres non formule a baixa correspondente.

9.4.- Altas de oficio.

O Concello ditará de oficio a alta no rexistro de usuarios do servizo do actual beneficiario non rexistrado, cando quede acreditado que se produciu a transmisión, modificación ou extinción dalgún dos títulos lexitimadores do alta no subministro nesta Ordenanza, sempre que concorran as circunstancias seguintes, e previa liquidación da taxa:

1º.- A situación xurídica do beneficiario actual correspóndese con algún dos supostos previstos para a alta segundo o disposto nesta ordenanza.

2º.- Non se ha instado o cambio de titularidade no subministro polo actual beneficiario.

A regulación do presente artigo enténdese sen prexuízo que de concorrer as circunstancias que fixesen obxecto de aplicación a suspensión do fornezo ou a baixa do anterior titular non permiten o cambio de titularidade.

Artigo 10. Normas recaudatorias.

O cobramento da taxa efectuarase mediante recibos trimestrais, salvo que o Pleno do Concello determine unha periodicidade distinta, conxuntamente coas taxas de rede de sumidoiros e recollida de lixos ou calquera outro tributo estatal ou autonómico que graven as taxas mencionadas.

Poderán emitirse facturacións mensuais, logo de solicitude, e sempre con carácter de voluntariedade, no caso de grandes consumidores.

Artigo 11. Infraccións e sancións tributarias.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que a estas correspondan en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 191 e seguintes da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeneral tributaria e demais normativa aplicable.

En caso de avaría no contador facturárase, durante todo o período afectado, dende a última lectura ata a solución da avaría, unha cantidade proporcional o consumo medio do ano natural anterior incrementado nun vinte, (20%), por cento.

Quen empregue a auga do abastecemento municipal para usos distintos dos previstos no artigo 1º, será sancionado cunha multa de noventa euros con quince céntimos, (90,15 €), a primeira vez e cento oitenta euros con trinta céntimos, (180,30 €), a segunda e catrocentos cincuenta euros con setenta e seis céntimos, (450,76 €), a terceira e o corte do subministro na cuarta.

Artigo 12. Suspensión do Servizo. Causas e procedemento Tramitación das baixas. Baixas.

12.1.- Suspensión do Servizo. Causas

Levarase a cabo a suspensión do subministro nos seguintes casos:

- a) Cando un usuario goce do subministro sen tramitar a alta e néguese á súa solicitude a requirimento do Concello.
- b) En todos os casos en que o usuario faga uso do subministro en forma ou para usos distintos aos solicitados.
- c) Cando o usuario estableza ou permita establecer derivacións na súa instalación para o subministro a outros locais ou vivendas diferentes aos consignados na autorización de alta.

Así cando se atopen derivacións nas redes con consumo de auga sen que se tramitou alta algunha, é dicir, realizadas clandestinamente. Neste caso poderase efectuar ademais o corte inmediato do subministro de auga en tales derivacións.

e) Cando o usuario non permita reiteradamente a entrada no inmovible a que afecta o subministro contratado, en horas hábiles ou de normal relación co exterior, ao persoal municipal que, debidamente autorizado, trate de ler o aparello de control e medida ou revisar as instalacións, sendo preciso, en tal caso, que se faga constar no informe correspondente. Realizásense tres intentos.

f) Pola negativa do usuario a modificar o rexistro ou arqueta do contador, e ata a súa instalación interior, cando iso fose preciso para substituír o contador por calquera das causas previstas nesta Ordenanza.

g) Cando durante seis meses persista a imposibilidade de tomar a lectura dentro do réxime normal establecido ao efecto, por causas imputables ao usuario, poderase suspender transitoriamente o subministro ata tanto o usuario acceda a modificar, ao seu cargo e pola súa conta, a instalación do equipo de medida, de forma que non dificulte o acceso ao mesmo para poder tomar a lectura.

h) Por negligencia do usuario respecto da reparación de avarías nas súas instalacións se, unha vez notificado por escrito polo Concello, transcorrese un prazo superior a un mes sen que a avaría fose emendada.

i) Cando o usuario non cumpra as condicións xerais de utilización do servizo.

j) Por calquera feito ou situación que supoña incumprimento grave do estipulado na presente ordenanza ou normativa de obrigado cumprimento.

k) En calquera outros supostos previstos especificamente na presente Ordenanza.

m) Por falta de pago, no prazo preceptivo, das cantidades resultantes de liquidación firme de fraude ou no caso probado de reincidencia de fraude.

n) Por falta de pago das tres últimas liquidacións derivadas da prestación do Servizo.

12.2.- Procedemento de Suspensión do Servizo.

Procederáse á suspensión inmediata do subministro cando concorran os supostos recolleitos nos apartados a), b) e c) do artigo 12.1.

No resto de supostos, o Concello previa comprobación dos feitos ditará a resolución que proceda, que se tramitará nos termos legalmente establecidos.

O restablecemento do Servizo realizarase o día seguinte ou, na súa falta, o sucesivo hábil en que sexa emendada a causa que orixinou a suspensión do subministro. Os gastos que orixinen a suspensión do subministro e o seu restablecemento serán por conta do usuario.

12.3.- Baixas no servizo.

a.- Por solicitude do interesado.

O usuario poderá solicitar a baixa no servizo en calquera momento, debéndoa formular por escrito e con quince días de antelación á data para a que se inste ao cese do servizo.

A estes efectos o particular interesado na baixa do servizo deberá presentar ante o Concello a documentación acreditativa do corte de subministro eléctrico por parte da compañía eléctrica xuntando toda aquela documentación que acredite de forma fehaciente a imposibilidade de recibir o servizo. Aportada esta documentación autorizarase a execución material do corte da auga polo encargado do servizo.

b.- De oficio.

O Concello ditará de oficio a baixa no servizo nos seguintes supostos:

a) Cando conste o falecemento do usuario ou, si tratácese de persoa xurídica, a extinción da mesma, salvo que se interese unha solicitude de cambio de titularidade sobre o mesmo inmovible no termos previstos pola presente Ordenanza. Nestes casos establécense os seguintes prazos para solicitar o cambio de titularidade:

- Seis meses no suposto de falecemento.

- Un mes no caso de extinción da persoa xurídica.

b) Cando quede acreditada a transmisión, modificación ou extinción do dereito que lexitimaba a titularidade do subministro.

c) Cando o usuario de xeito reiterado incorra nalgún ou algúns dos supostos que dan lugar á suspensión do subministro contemplados nos apartados c, e, g, j, l, m, n, do artigo 12.1. Entenderase que exista reiteración cando se acordou a suspensión do subministro en tres ocasións por algún ou algúns dos motivos anteriormente sinalados.

A baixa no recibo de auga en San Clodio presupón a baixa na prestación do servizo de recollida de lixo e tratamento de residuos sólidos urbanos e alcantarillado. O importe da tramitación da baixa é de trinta euros (30,00 €)."

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza fiscal, aprobada provisionalmente polo Pleno do Concello en Sesión celebrada o cinco de novembro de dous mil sete, entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2026, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa."

Contra o presente Acordo, conforme ao artigo 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderase interpor polo interesados recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Ribas de Sil, 4 de febreiro de 2026.- O alcalde, Roberto Castro González.

R. 0275

RIBEIRA DE PIQUÍN

Anuncio

Aprobada por Resolución da Alcaldía núm. 2026/025, de data 3 de febreiro, expónse ao público a relación de aprobados do proceso selectivo para a provisión dunha praza de Administrativo/a, funcionario de carreira, Escala Administración Xeral, Subescala Administrativa do Concello de Ribeira de Piquín:

“DECRETO DA ALCALDÍA NÚM. 2026/025:

En Ribeira de Piquín, a 3 de febreiro de 2026.

Asunto: Relación de aprobados do proceso selectivo para a provisión con carácter definitivo dunha praza de Administrativo/a, funcionario/a de carreira, escala Administración Xeral, subescala Administrativa, da Oferta de Emprego Público para o ano 2025.

DON ROBERTO FERNÁNDEZ RICO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA DE PIQUÍN (LUGO).

Vista a Oferta de Emprego Público para o ano 2025 aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 28 de xaneiro de 2025, publicada no BOP núm. 041, do 19/02/2025 e no DOGA núm. 062, do 31/03/2025, para cubrir a praza de Administrativo/a, funcionario/a de carreira, escala Administración Xeral, subescala Administrativa.

Visto o expediente para a cobertura dunha praza de Administrativo/a, funcionario/a de carreira, escala Administración Xeral, subescala Administrativa do Concello de Ribeira de Piquín, regulado nas Bases aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 30 de setembro de 2025 e publicadas no taboleiro de anuncios e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 232, do 9 de outubro de 2025.

Vista a publicación da convocatoria do dito proceso selectivo no Boletín Oficial do Estado núm. 259, de data 28 de outubro de 2025, así como a publicación dun extracto da dita convocatoria no Diario Oficial de Galicia núm. 209, de data 29 de outubro de 2025.

Vista a Resolución da Alcaldía núm. 2026/005, de data 5 de xaneiro, pola que se aproba a listaxe definitiva de admitidos e excluídos do dito proceso selectivo, nomeamento dos membros de tribunal de selección e datas das probas selectivas, publicada no BOP núm. 006, de data 09/01/2026.

Concluindo o procedemento para a selección de persoal funcionario mediante concurso-oposición para a provisión en propiedade da seguinte praza neste concello:

Núm. vacantes	Denominación	Escala/Subescala	Grupo	Tipo de persoal
1	Administrativo	Administración Xeral/ Administrativa	C1	Funcionario de Carreira

Vista a acta do Tribunal Cualificador de data 27 de xaneiro de 2026 que reflexa o seguinte resultado do proceso selectivo:

APELIDOS E NOME	N.I.F.	FASE DE CONCURSO	EXAME TEÓRICO (TIPO TEST)	EXAME PRÁCTICO	PUNTUACIÓN TOTAL
ÁLVAREZ SIXTO, ALFONSO	***2287**	0,00	0,00- NON APTO/A	NON ACCEDE	0,00- NON APTO/A
AMIGO CASTAÑEIRA, ALBA	***3586**	10,32	0,50- NON APTO/A	NON ACCEDE	10,82- NON APTO/A
BERMÚDEZ TESTA, LORENA	***8483**	0,00	12,50- NON APTO/A	NON ACCEDE	12,50- NON APTO/A
ENCABO GONZÁLEZ, BELÉN MARÍA	***6016**	4,50	0,00- NON APTO/A	NON ACCEDE	4,50- NON APTO/A
FERNÁNDEZ ÁLVAREZ, LORENA	***8061**	5,50	14,00- NON APTO/A	NON ACCEDE	19,50- NON APTO/A
FERNÁNDEZ GÓMEZ, SUSANA	***3461**	5,50	0,00- NON APTO/A	NON ACCEDE	5,50- NON APTO/A
GARCÍA PEREIRAS, ANA BELÉN	***4369**	10,00	2,50- NON APTO/A	NON ACCEDE	12,50- NON APTO/A
GONZÁLEZ FERRERO, LORENA	***7332**	8,86	NON PRESENTADO/A	NON ACCEDE	8,86- NON APTO/A

<u>GONZÁLEZ FERRERO, SONIA</u>	***7332**	1,00	NON PRESENTADO/A	NON ACCEDE	1,00- NON APTO/A
MESÍAS MARTÍNEZ, SILVIA	***7261**	8,55	7,50- NON APTO/A	NON ACCEDE	16,05- NON APTO/A
PARRILLA DEL RÍO, LUCÍA	***3675**	0,00	NON PRESENTADO/A	NON ACCEDE	0,00- NON APTO/A
<u>PASARÍN MAREY, ANDREA</u>	***8928**	9,21	25,50	24,00	58,71
<u>QUINTANA GONZÁLEZ, EVELYN</u>	***3882**	0,00	8,00- NON APTO/A	NON ACCEDE	8,00- NON APTO/A
RÍO VÁZQUEZ, HUGO	***3807**	0,00	NON PRESENTADO/A	NON ACCEDE	0,00- NON APTO/A
RIVEIRO LAGE, MARÍA PILAR	***4234**	4,00	0,00- NON APTO/A	NON ACCEDE	4,00- NON APTO/A
RODRÍGUEZ CABAÑAS, MIGUEL	***3652**	10,24	NON PRESENTADO/A	NON ACCEDE	10,24- NON APTO/A
VILA RIVAS, LAURA	***5634**	3,50	3,50- NON APTO/A	NON ACCEDE	7,00- NON APTO/A

Atendendo á anterior listaxe, e vista a proposta do Órgano de Selección do/a seguinte aspirante como aprobado/a, por obter a máxima puntuación, xa que o número de aprobados non pode superar o número de prazas convocadas, segundo a Base 10ª das Bases polas que se establecen as normas reguladoras do Proceso selectivo:

Nome e apelidos	DNI
PASARÍN MAREY, ANDREA	***8928**

Tendo en conta a competencia que me atribúe o artigo 21.1. da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, de conformidade co artigo 22 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado, aprobado por Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, e o artigo 136 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia de Lugo a relación de aprobados do proceso selectivo para a provisión dunha praza de Administrativo/a, funcionario/a de carreira, escala Administración Xeral, subescala Administrativa do Concello de Ribeira de Piquín, así como na sede electrónica do concello (<https://ribeiradepiquin.sedelectronica.gal>), sendo a seguinte:

Nome e apelidos	DNI
PASARÍN MAREY, ANDREA	***8928**

SEGUNDO.- Requerir á aspirante para que acredite ante este Concello, no prazo establecido na Base 10ª das Bases polas que se establecen as normas reguladoras do proceso selectivo, os documentos acreditativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos.

TERCEIRO.- Dar conta da presente resolución ao Pleno na próxima sesión ordinaria que se celebre."

Ribeira de Piquín, 3 de febreiro de 2026.- O alcalde-presidente, D. Roberto Fernández Rico.

R. 0276

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) – LOURENZÁ

Anuncio

Resolución de la Alcaldía de 2 de febrero de 2026 por la que se aprueba la convocatoria de los premios del concurso de disfraces domingo de Piñata 2026 en el Ayuntamiento de Lourenzá.

BDNS (Identif.):884726

De conformidade con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones

(<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/884726>)

EXTRACTO DA RESOLUCIÓN DA ALCALDIA DO 2 DE FEBREIRO DE 2026 POLO QUE SE APROBA A CONVOCATORIA DOS PREMIOS DO CONCURSO DE DISFRACES DO DOMINGO DE PIÑATA 2026 NO CONCELLO DE LOURENZÁ

De acordo co disposto nos artigos 17.3 b e 20.8 da Lei 38/2023, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo pode atoparse na Base de Datos Nacional de Subvencións.

PRIMEIRO. Requisito dos participantes

Poderán participar no concurso e ser beneficiarios destas axudas, calquera particular, asociación ou entidade legalmente constituída así como os “grupos ocasionais” que cumpran as condicións previstas nestas bases. Neste último caso, os seus integrantes deberán nomear un representante debidamente autorizado para actuar no nome do grupo. Só poderá presentarse unha solicitude por entidade ou grupo.

SEGUNDO. Obxecto

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento aplicable para o outorgamento dos premios do concurso de disfraces do desfile de domingo de Piñata organizado polo concello de Lourenzá o domingo 22 de febreiro de 2026 .

TERCEIRO. Bases Reguladoras

Poden consultarse no taboleiro de anuncios do Concello de Lourenzá na seguinte dirección: <https://concellodelourenza.sedelectronica.gal>.

CUARTO. Documentación

A documentación a presentar será a seguinte:

1. Particulares

- Ficha de inscrición establecida ao efecto
- Copia NIF do concursante ou titor, para o caso de menores de idade.

2. Asociacións legalmente constituídas e “ grupos ocasionais”

- Ficha de inscrición establecida ao efecto. Deberá indicarse o nome , apelidos e NIF do representante do grupo
- Copia do NIF do representante do grupo.
- Declaración xurada de non estar incurso en ningunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da lei 38/2023, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (só para o caso de asociacións legalmente constituídas).

A ficha de inscrición e a documentación citada presentaranse unha vez sexa publicado no BOP de Lugo o extracto das citadas bases (cuio texto completo figura na BDNS) e con carácter previo á celebración do desfile, ben personándose nas dependencias do concello de Lourenzá de luns a venres en horario de 9 a 14 h. ou ben na Biblioteca Municipal de 17 h. a 20 h. ata o venres 20 de febreiro; ou ben o mesmo día do desfile no recinto feiral Ponte de Cuñas en horario de 12:00 h a 15:30 h., lugar onde sairá o desfile. Nese horario entregaranse os dorsais.

QUINTA. Contía dos premios

QUINTO :CRÉDITO ORZAMENTARIO

O Concello de Lourenzá destinará a estes premios a contía máxima de 5.441, 27 € (partida 330.48 do Estado de Gastos do Orzamento Municipal de 2025 prorrogado para 2026).

SEXTO: PREMIOS

CATEGORIA INFANTIL

Individual

- 1º premio: 70 €
- 2º premio: 60 €
- 3º premio: 50 €
- 4º premio: 40 €

Parellas

1º premio: 125 €

2º premio: 100 €

3º premio: 75 €

Grupos

1º premio: 250 €

2º premio: 200 €

3º premio: 150 €

4º premio: 100 €

CATEGORÍA ADULTOS**Individual**

1º premio: 150 €

2º premio: 100 €

3º premio: 75 €

4º premio: 50 €

Parellas

1º premio: 200 €

2º premio: 150 €

3º premio: 100 €

Grupos de 3 a 10 persoas

1º premio: 200 €

2º premio: 150 €

3º premio: 100 €

4º premio: 50 €

Grupos de Máis de 10 persoas

1º premio: 350 €

2º premio: 250 €

3º premio: 150 €

4º premio: 100 €

Comparsas

1º premio: 350 €

2º premio: 250 €

3º premio: 200 €

4º premio: 150 €

5º premio: 100 €

Carrozas

1º premio: 350 €

2º premio: 250 €

3º premio: 150 €

A contía dos premios anteriores é líquida. O RD 439/2007, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, suxeitas a retención os premios de contía superior a 300 euros. A porcentaxe de retención regulada no artigo 101.7 da Lei 35/200, de 28 de novembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, será do 19%.

Dacordo co anterior, a contía bruta do primeiro premio de comparsa, de grupo de adultos máis de 10 persoas e de carroza será de 432,09 €.

Lourenzá, 2 de febreiro de 2026.- A alcaldesa-presidenta, D.^a Rocío López García.

R. 0253
